Na liña II (subintervención 68814_05, silvicultura con obxectivos ambientais e outros fins non produtivos, que financia actuacións non produtivas de silvicultura de frondosas) e na liña III (silvicultura con obxectivos ambientais e outros fins non produtivos, que financia actuacións de rehabilitación de soutos de castiñeiros) serán persoas beneficiarias as persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares dos terreos obxecto de axuda, entendendo por titulares tanto propietarios como arrendatarios ou xestores.
Obxecto: Establecer as bases que regulan as axudas para silvicultura produtiva de coníferas e para actuacións silvícolas con obxectivos ambientais e non produtivos en frondosas e na rehabilitación de soutos de castiñeiros, en réxime de concorrencia competitiva, e convocalas para o ano 2025 (código de procedemento MR605C).
Convoca: Consellería do Medio Rural
Prazo: 30 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

ORDE do 27 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, de carácter plurianual (2025-2026) e en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de obras de eficiencia enerxética en edificios e infraestruturas vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia, cofinanciadas nun 60 % pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 (código de procedemento PR486D). **(Diario Oficial de Galicia, Num: 30, 13-02-2025, Páx: 11769)**

Destinatarios: Poderán ser beneficiarios desta subvención aqueles concellos de Galicia que reúnan os seguintes requisitos:
a) Ter unha poboación igual ou inferior a 30.000 habitantes, de acordo coas cifras oficiais do padrón municipal de habitantes publicadas polo Instituto Galego de Estatística.
b) Ter remitida a conta xeral do concello correspondente ao exercicio orzamentario de 2023 ao Consello de Contas. Este requisito deberá estar cumprido antes do remate do prazo de presentación de solicitudes.

Obxecto: Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras e a

convocatoria de subvencións, de carácter plurianual (2025-2026) e en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de obras de eficiencia enerxética en edificios e infraestruturas vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia, cofinanciadas no marco do programa Galicia Feder 2021-2027. Código de procedemento PR486D.

Convoca: Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

Prazo: Un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

RESOLUCIÓN do 13 de febreiro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións a asociacións sen ánimo de lucro, en réxime de concorrencia competitiva, para o desenvolvemento de actuacións e actividades de educación ambiental para a sustentabilidade dos ríos da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento AU301G). **(Diario Oficial de Galicia, Num: 39, 26-02-2025, Páx: 14218)**

Destinatarios: Poderán ser entidades beneficiarias destas subvencións as asociacións sen ánimo de lucro, que teñan recollidos entre os seus fins a conservación da natureza e a protección do ambiente e/ou a educación ambiental e o voluntariado ambiental, sempre que o seu domicilio e o ámbito territorial en que realiza principalmente as súas actividades este en Galicia.

Obxecto: A finalidade das subvencións é financiar o desenvolvemento de actividades e actuacións e a divulgación de programas de educación ambiental para a sustentabilidade dos ríos da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa.

Convoca: Augas de Galicia

Prazo: Un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG.

RESOLUCIÓN do 13 de febreiro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións destinadas a particulares para a instalación de sistemas de depuración autónomos no ámbito territorial da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento AU300C). **(Diario Oficial de Galicia, Num: 39, 26-02-2025, Páx: 14186)**

Destinatarios: Poderán ser beneficiarias destas subvencións as persoas físicas que deban figurar como titulares dunha autorización de vertedura dun sistema de depuración autónomo dunha vivenda unifamiliar situado no ámbito territorial da demarcación hidrográfica de Galicia Costa.

Obxecto: A finalidade destas subvencións é contribuír a que as vivendas unifamiliares xestionen de forma axeitada as súas augas residuais domésticas a través dunha solución de saneamento autónomo.

Convoca: Augas de Galicia

Prazo: Rematará ás 14.00 horas do día 7 de abril de 2025.

CONVOCATORIAS

RESOLUCIÓN do 17 de febreiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2025, en réxime de concorrencia competitiva, as axudas aos investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos forestais, no marco do Plan estratéxico da política agraria común de España 2023-2027, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) (código de procedemento IN500A). **(Diario Oficial de Galicia, Num: 39, 26-02-2025, Páx: 14255)**

Destinatarios: Poderán ser persoas beneficiarias as microempresas, pequenas e medianas empresas (peme) do sector forestal radicadas en Galicia en relación cos investimentos realizados en zonas rurais, de acordo cos criterios de localización establecidos no ámbito territorial do Plan estratéxico da política agraria común de España 2023-2027 e descritos no anexo XIV, con excepción daqueles solicitantes que, aínda tendo o seu domicilio en áreas definidas como ZDP, soliciten investimentos non fixos para realizar de traballos no ámbito territorial do Plan estratéxico da política agraria común de España 2023-2027.
Obxecto: Esta resolución ten por obxecto establecer as bases que regulan as axudas aos investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos forestais (código de procedemento IN500A) e efectuar a súa convocatoria para o ano 2025 en réxime de concorrencia competitiva.
Convoca: Axencia Galega da Industria Forestal

Prazo: Un (1) mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no DOG.

ORDE do 23 de xaneiro de 2025 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2025, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (códigos de procedemento PR483A, PR483B, PR483C e PR483D). **(Diario Oficial de Galicia, Num: 25, 06-02-2025, Páx: 9996)**

Destinatarios: Entidades locais de Galicia (consultar o Artigo 3. Liñas de subvención, beneficiarios individuais e de xestión compartida e exclusións),
Obxecto: Regular os criterios de repartición e establecer as bases reguladoras e a convocatoria das subvencións do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2025.
Convoca: Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

Prazo: Un mes, a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

ORDE do 12 de febreiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2025 (código de

procedemento PE155A). **(Diario Oficial de Galicia, Num: 36, 21-02-2025, Páx: 13543)**

Destinatarios: Consultar Artigo 5. Persoas beneficiarias
Obxecto: 1. O obxecto da presente orde é establecer as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións a proxectos ao amparo das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobados pola Consellería do Mar aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP), no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).
2. Así mesmo, convócanse subvencións no exercicio orzamentario do ano 2025. O procedemento que regula a presente orde correspóndese co código PE155A.
Convoca: Consellería do Mar

Prazo: Un (1) mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

ORDE do 29 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de axudas a entidades locais de Galicia para a aplicación de solucións baseadas na natureza orientadas á prevención de riscos asociados ao cambio climático en espazos urbanos e periurbanos (programa Galicia refuxio climático), e se convocan, mediante tramitación anticipada de gasto, para o ano 2025 (código de procedemento MT975Y). **(Diario Oficial de Galicia, Num: 33, 18-02-2025, Páx: 12918)**

Destinatarios: Poderán ser beneficiarios desta subvención os concellos de Galicia, de forma individual.
Obxecto: sta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras polas cales se rexerá a convocatoria pública para o ano 2025 de concesión de axudas para a aplicación de solucións baseadas na natureza orientadas á prevención de riscos asociados ao cambio climático en espazos urbanos e periurbanos (programa Galicia refuxio climático), para o ano 2025 (código de procedemento MT975Y).

A súa finalidade é colaborar cos concellos galegos para fomentar actividades que contribúan ao impulso da infraestrutura verde e á conectividade dos espazos verdes, para incrementar a biodiversidade, mellorar a súa conservación, a adaptación ao cambio climático, a mellora da calidade ambiental e a creación de espazos saudables.
Convoca: Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

Prazo: Ata o día 31 de marzo de 2025.

Estatal

Orde CNU/194/2025, do 18 de febreiro, pola que se modifica a Orde CIN/538/2021, do 29 de maio, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas públicas para as Infraestruturas Científicas e Técnicas Singulares e pola que se aproba a convocatoria correspondente ao ano 2021 no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. **(Boletín Oficial del**

Estado, Num: 51, 28-02-2025, Páx: 28189)

Destinatarios: Consultar a Orde CIN/538/2021, do 29 de maio.

Obxecto: Consultar a Orde CIN/538/2021, do 29 de maio.

Convoca: Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades

Prazo: Consultar a Orde CIN/538/2021, do 29 de maio.

Unión europea

Apertura Convocatoria KIC Water

Destinatarios: Consorcios de organizacións e líderes da industria que reúnan á educación, a investigación e as empresas relacionadas coa auga.
Obxecto: Implementación do novo participado "KIC Water: Transforming Europe's Water, Marine and Maritime Sectors" que ten como obxectivo a transformación sostible dos sectores da auga, mariño e marítimo en Europa.
Convoca: Instituto Europeo de Innovación e Tecnoloxía (EIT)

Prazo: Ata o 17 de xuño de 2025.

Convocatoria proxectos de I+D internacionais Eureka coa colaboración de entidades de Turquía e España

Destinatarios: Entidades Empresariais de España e Turquía

Obxecto: Recibir proxectos de cooperación en I+D

Convoca: Eureka (CDTI Innovación)

Prazo: Desde o 10 de febreiro ata o día 24 de abril de 2025 ás 17:00h CET.

Innovation Fund 2024 - Batteries - Manufacturing of electric vehicles battery cells

Destinatarios: Consultar convocatoria
Obxecto: Financiamento de proxectos para a fabricación de baterías destinadas a vehículos eléctricos |
Convoca: Comisión Europea

Prazo: 24/04/2025

Convocatoria HORIZON-JTI-CLEANH2-2025

Destinatarios: Consultar convocatoria
Obxecto: A Clean Hydrogen Partnership lanza a súa nova convocatoria de propostas o 15/01/2025, cun orzamento de 184,5 millóns de euros para proxectos de apoio á creación de tecnoloxías de hidróxeno de vangarda.
Convoca: Clean Hydrogen Partnership

Prazo: 23 de abril de 2025, 17:00 (CEST)

Internacional

Iniciativa Clima e Biodiversidade: nova convocatoria de proxectos en 2025

Obxecto: Dedicada aos ecosistemas oceánicos e costeiros, esta nova convocatoria de proxectos foi galardoada co selo "Decenio dos Océanos" pola Comisión Oceanográfica Intergobernamental da UNESCO, que ten como obxectivo acelerar a conservación e o uso sostible dos océanos, os mares e os recursos mariños.

Convoca: Fundación BNP Paribas

Prazo: Ata o 4 de maio de 2025

BOLSAS

Local

Aprobación das bases reguladoras das bolsas de investigación para o ano 2025 (BOP A Coruña, Num: 41, 28-02-2025)

Destinatarios: Consultar a Base 3. Solicitantes

Obxecto: A concesión de 20 bolsas en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a persoas con titulación universitaria que pretendan facer un traballo de investigación no período 2025-2026.

Convoca: Deputación Provincial da Coruña

Prazo: Do 11 de marzo de 2025 ata ás 14:00 horas do día 11 de abril de 2025.

PREMIOS

Galicia

Sexta edición da campaña escolar Pilabot

Destinatarios: Alumnado de todos os centros educativos de Galicia de Educación Primaria ou de Secundaria

Obxecto: Unha iniciativa para concienciar ás novas xeracións sobre a importancia da reciclaxe e que terá como actividade principal un concurso de recollida de pilas, acumuladores e baterías usadas.

O 23 de xaneiro comezará o reparto paulatino entre os centros participantes de bidóns, colectores e outro tipo de material informativo. Unha vez recibido todo o material, cada centro terá seis semanas lectivas para participar e xuntar este tipo de residuos, con prazo límite ata o vindeiro mes de maio.

Convoca: Xunta de Galicia, coa colaboración e apoio dos xestores de pilas autorizados Ecopilas, ERP e Ecolec

Prazo: Prazo límite ata o vindeiro mes de maio

Estatal

Premios Rei Jaume I (Boletín Oficial del Estado, Num: 3, 03-01-2025, Páx: 352)

Destinatarios: Poderá selo calquera persoa que efectuase a maior parte da súa actividade profesional en España e preferentemente que resida en España.

Obxecto: Protección do Medio Ambiente: Concederase á persoa cuxa investigación contribúa significativamente á mellora do medio ambiente. Valorarase especialmente o estudo das causas do cambio climático, as súas consecuencias e as posibles solucións.
Convoca: Fundación Valenciana Premios Rei Jaume I

Prazo: Ata o 10 de marzo de 2025

Premios Nacionais Deseño e Sustentabilidade de Envase e Embalaxe

Destinatarios: Poderán participar os estudantes matriculados no presente curso académico 2024/2025, en centros educativos de ámbito nacional. Tamén se poderán presentar os recentemente titulados que terminasen os seus estudos nos dous últimos cursos académicos 2021/2022 e 2022/2023.
Obxecto: Os Premios Nacionais de Deseño e Sustentabilidade de Envase teñen por obxecto fomentar e consolidar o deseño e a sustentabilidade dos envases e embalaxes como pancas para a innovación. Así mesmo, os Premios queren ser unha forma de vincular o mundo educativo e o empresarial.
Recoñecidas empresas expoñen un caso real, vinculado a unha necesidade específica relacionada co deseño do envasado ou embalaxe de produtos que esta comercializa ou poderá comercializar. Os estudantes participantes responderán coas súas propostas innovadoras aos retos expostos polas empresas.
Convoca: Clúster Innovación Envase e Embalaxe
Prazo: Ata o 28 de febreiro de 2025 ás 14:00 horas en primeira convocatoria e ata o 5 de maio de 2025 ás 14:00 horas na segunda.

Internacional

Premios Fundación BBVA Fronteiras do Coñecemento, XVIII Edición

Destinatarios: Os candidatos serán unha ou máis persoas físicas de calquera nacionalidade, sen límite de número, que realizasen achegas independentes ou converxentes a un determinado avance, ben a través de colaboración formal (formando parte dun ou máis equipos), ben de maneira paralela. Poderán tamén ser candidatas organizacións científicas ou culturais ás que poidan atribuírse de maneira agregada contribucións excepcionais nos ámbitos do coñecemento científico, a creación cultural, as actuacións fronte ao cambio climático e en conservación do medio ambiente.
Obxecto: Os Premios Fundación BBVA Fronteiras do Coñecemento recoñecen contribucións fundamentais nun amplo abanico de campos do coñecemento científico, a tecnoloxía, as humanidades e a creación artística especificados no punto 2 das bases.
A categoría de Cambio Climático e Ciencias do Medio Ambiente recoñece tanto investigacións como actuacións baseadas no mellor coñecemento que resulten particularmente relevantes para a súa abordaxe.
Convoca: Fundación BBVA

Prazo: Ata as 16 horas GMT do 30 de xuño de 2025.

Mobile World Capital Awards

Destinatarios: Calquera organización xurídica sen restrición algunha por motivos do seu tamaño ou situación xeográfica.
Por tanto, poden participar todas as entidades que se clasifiquen nalgunha destas cinco

categorías:
→ Empresas
→ Pemes e Startups
→ Sen ánimo de lucro e Sociedades con Propósito (SBIC)
→ Academia e Centros de investigación
→ Institucións públicas

Obxecto: Premios internacionais para recoñecer e recompensar os mellores proxectos innovadores na transición dixital responsable que contribúen aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030 de Nacións Unidas e á xeración dun impacto positivo.
Proxectos de base tecnolóxica que demostren un compromiso social, ambiental e de boa gobernanza a través do uso humanista da tecnoloxía.

Convoca: Mobile World Capital

Prazo: 18/03/2025

XX Premios á Conservación da Biodiversidade

Destinatarios: Consultar os requisitos para as diferentes modalidades

Obxecto: A través desta convocatoria, a Fundación BBVA recoñece e incentiva o labor das organizacións conservacionistas, as institucións e os organismos que desenvolven políticas ou funcións de conservación ambiental, así como o traballo de profesionais da comunicación en calquera das súas formas que contribúen a protexer o patrimonio natural.

Convoca: Fundación BBVA

Prazo: Ata o 1 de abril de 2025 ás 12:00 h do mediodía (hora peninsular española)

ACTIVIDADES

CAMPAÑAS

Estatal

Biblioteca de Sementes da EPS

Contido: Servizo de préstamo integrado no sistema de xestión da Biblioteca da Universidade de Zaragoza (BUZ), que permite a calquera membro da comunidade universitaria (estudantado, profesorado e persoal técnico, de xestión e de administración e servizos), reservar, recoller e devolver sementes desde calquera dos 22 puntos de servizo que configuran a rede BUZ. Transformación da biblioteca de sementes nese espazo para a aprendizaxe, a colaboración e a innovación en torno ao cultivo das plantas, a horticultura e a conservación da biodiversidade, en liña coas metas do ODS15_Vida de ecosistemas terrestres.
Organizador: Biblioteca da Universidade de Zaragoza

CONGRESOS

Estatal

Congreso "SUMMIT 2025: Impulsando a Mobilidade Sostible dende as Empresas"

Contido: Analizaranse os principais retos e tendencias do sector, ademais de presentar casos de éxito, solucións innovadoras e tecnoloxías emerxentes enfocadas nunha mobilidade intelixente e sostible, con atención aos aspectos económicos, sociais e ambientais.
Lugar: Madrid e online
Organizador: Empresa pola mobilidade sostible
Data de inicio: 27-03-2025
Data de fin: 27-03-2025

Internacional

VII Congreso Internacional de Educación Ambiental - VII Congreso Iberoamericano sobre Educación Ambiental para a sustentabilidade

Contido: Baixo o lema “Educación Ambiental para a transformación social e ecolóxica: da conciencia á acción. Sementando cambios,O congreso abordará temas cruciais sobre medio ambiente e sustentabilidade, destacando a importancia da educación ambiental para a transformación ecosocial. Discutiranse a economía circular, o consumo responsable, a conexión entre medio ambiente e saúde humana, e o papel do activismo xuvenil. Ademais, subliñarase a necesidade de integrar a educación ambiental nos sistemas educativos e programas extracurriculares para empoderar aos mozos. cultivando futuros”.
Lugar: Madrid
Organizador: Asociación Española de Educación Ambiental e a Rede Iberoamericana de Medio Ambiente
Inscrición: Límite de presentación de comunicacións e pósteres: 1 de febreiro de 2025.
Data de inicio: 13-03-2025

Data de fin: 16-03-2025

CURSOS

Estatal

Cursos PAEAS 2025 - Plan de Acción de Eduación Ambiental para a Sostibilidade

Contido: -Claves para unha Educación Ambiental transformadora na era da transición ecolóxica.
-Educación ambiental no corazón das políticas públicas. Ferramentas e experiencias para a transición ecolóxica.
-Educación para a sustentabilidade nas aulas. Ferramentas para a súa posta en marcha. (Curso recoñecido como formación permanente do profesorado polo MEFPD).
-Interpretación do patrimonio en ámbitos da educación ambiental.

Organizador: CENEAM

Inscrición: Consultar as condicións xerais de cada curso

Data de inicio: 07-04-2025

Data de fin: 10-07-2025

SEMINARIOS

Estatal

Webinar CDTI: Agrupación industrial 5 Enerxía e Misión de Cidades Horizonte Europa. Aproximación ao Programa de Traballo 2025

Contido: Evento online dirixido a preparar ás entidades españolas para as convocatorias de proxectos de I+D do próximo Programa de Traballo 2025 da Agrupación industrial 5 Enerxía e da Misión de Cidades de Horizonte Europa, cuxa publicación oficial espérase para finais de abril 2025.
Informarase dos retos do Programa de Traballo 2025, estrutura e áreas de actuación así como aspectos xerais a ter en conta.

Lugar: En liña

Organizador: CDTI

Data de inicio: 12-03-2025

Data de fin: 12-03-2025

XORNADAS

Outras CCAA

10ª Xornada de Networking do Gremi, o maior evento sobre xestión de residuos

Contido: Dar máis visibilidade ás empresas e xerar un espazo onde poidan establecer novos contactos cos profesionais do sector da reciclaxe e a recuperación, creando sinerxias e

oportunidades de negocio.

Lugar: Món Sant Benet

Organizador: Gremi

Data de inicio: 03-04-2025

Data de fin: 03-04-2025

Xornada informativa do proxecto LIFE ECOREST: "A implicación local, clave na recuperación de hábitats mariños profundos"

Contido: Nesta xornada participarán representantes da comunidade científica, administracións públicas, sector pesqueiro, ONG, turismo e comunidade educativa, que poñerán en común como se pode contribuír á recuperación dos ecosistemas mariños desde a educación, as actividades recreativas, a pesca e a gobernanza.

Lugar: Cofradía de pescadores de Vilanova i la Geltrú

Organizador: Fundación Biodiversidade do MITECO

Inscrición: Cubrir formulario

Data de inicio: 12-03-2025

Data de fin: 12-03-2025

Unión europea

Reunión de traballo en rede: desafíos crave para ampliar a restauración da natureza na UE

Contido: Este evento centrarase en explorar e debater solucións exitosas para tres temas estratéxicos que son clave para ampliar os proxectos de restauración da natureza: "transferencia de coñecemento e desenvolvemento de capacidades", "acceso á terra" e "mobilización doutros sectores".

Lugar: En liña

Organizador: Agencia Ejecutiva Europea de Clima, Infraestructuras y Medio Ambiente (UE)

Inscrición: https://vo-europe.swoogo.com/life-nature-restoration

Data de inicio: 20-03-2025

Data de fin: 21-03-2025

Internacional

Desenmascarando o mercurio e o colorismo nos cosméticos

Contido: Este evento, coorganizado polo Convenio de Minamata sobre o Mercurio, o Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente e a Rede Ambiental de Ginebra, contará coa presenza de voces líderes que resaltarán a necesidade de abordar as normas socioculturais subxacentes que rodean aos produtos para aclarar a pel.

Lugar: En liña e presencial en Ginebra

Organizador: PNUMA

Data de inicio: 05-03-2025
Data de fin: 05-03-2025

OUTRAS ACTIVIDADES

Outras CCAA

Ultra Clean Marathon 2025. A carreira Sostible e Solidaria coa Naturareza

Contido: O Ultra Clean Marathon (UCM) é un desafío que combina deporte e compromiso ambiental. O seu propósito principal é fomentar a conciencia ecolóxica entre as persoas deportistas e destacar a súa capacidade de acción en favor da natureza. Nesta carreira, ademais de correr ou camiñar, os participantes recollen residuos abandonados en espazos naturais (practicando plogging), aprenden sobre os problemas ambientais en cada punto de avituallamiento e contribúen economicamente, xa que as inscricións destínanse a proxectos enfocados na conservación do medio ambiente.
A UCM organízase baixo criterios de sustentabilidade, promovendo actividades deportivas que sexan solidarias e respectuosas coa contorna natural.
Organizador: Xarxa per a la Conservació de la Natura, Agència de Residus de Catalunya y Generalitat de Catalunya
Data de inicio: 22-03-2025
Data de fin: 22-03-2025

Estatal

Webinar "O Pacto Industrial Limpo da Unión Europea"

Contido: Coloquio sobre as primeiras accións comunicadas pola Comisión para afrontar os desafíos que supón lograr unha industria europea descarbonizada e á vez globalmente competitiva.
Organizador: Fundación Naturgy
Data de inicio: 06-03-2025
Data de fin: 06-03-2025

Unión europea

EIT Water Infoday no marco do Foro da Misión de Océanos e Augas 2025

Contido: Este foro, que se desenvolverá do 3 ao 7 de marzo, reunirá a expertos, responsables políticos e actores do sector para abordar os desafíos e oportunidades na xestión dos recursos hídricos e mariños, ofrecendo unha plataforma para explorar como a nova KIC-Water do EIT pode contribuír a resolver os retos relacionados cos sectores mariño, marítimo e da auga.
Lugar: Bruselas
Organizador: Horizonte Europa

Data de inicio: 05-03-2025

Data de fin: 07-03-2025

Networking Meeting – Key challenges to upscaling nature restoration in the EU – learning from LIFE experience

Contido: Reunión de networking – Desafíos crave para potenciar a restauración da natureza na UE – aprender da experiencia LIFE A reunión en liña, que terá lugar os días 20 e 21 de marzo, destacará solucións para ampliar a restauración da natureza na UE, baseándose nas experiencias dos proxectos LIFE. Discutiranse os desafíos crave e as estratexias exitosas destes proxectos para promover unha restauración efectiva da natureza en toda Europa.

Organizador: European Commission

Data de inicio: 20-03-2025

Data de fin: 21-03-2025

CBE JU Info Day 2025

Contido: Ofrecerá amplas oportunidades de networking cara a cara. As sesións tamén se transmitirán en liña.
O evento permitiralle obter información sobre a próxima convocatoria de propostas de proxectos 2025.

Lugar: Brussels, Belgium

Organizador: CBE JU

Data de inicio: 03-04-2025

Data de fin: 03-04-2025

O Programa LIFE en Aquatech Amsterdam 2025

Contido: Será unha oportunidade para conectarse con expertos da industria, ampliar os seus coñecementos, descubrir novas tecnoloxías e interactuar con líderes do mercado e empresas emerxentes.

Lugar: RAI Ámsterdam Europaplein 1078 GZ Amsterdam, Netherlands e en liña

Organizador: Axencia Executiva Europea de Clima, Infraestruturas e Medio Ambiente

Inscrición: https://aquatech.login.rai.eu/search-user?survey=3k8avqxnpeeyt

Data de inicio: 11-03-2025

Data de fin: 14-03-2025

BIBLIOGRAFÍA

MONOGRAFÍAS

Leveraging the Benefits of non-CO_2 Pollutants and Air Quality in NDC 3.0. UNEP-Convened Climate and Clean Air Coalition (2024)

Comunicación da Comisión C/2025/980 — Orientacións sobre un marco para o desenvolvemento de metodoloxías para o seguimento dos elementos paisaxísticos de gran diversidade con arranxo ao artigo 17, apartado 4, do Regulamento sobre a restauración da natureza [Regulamento (UE) 2024/1991]. DOUE, 14/02/2025.

Anuario climático 2024. Fundación Ecoloxía e Desenvolvemento-ECODES e Pacto Mundial da ONU España

Guía de recursos sobre naturalización de cidades. Fundación CONAMA, novembro 2024

Guía de Literatura e Medio Ambiente. Organismo Autónomo Parques Nacionais. Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, 2024.

Retos actuais na acústica ambiental. Fundación Conama, 2024

Critical Transitions: Circularity, equity and responsibility in the quest for energy transition minerals. United Nations Environment Programme (2024)

Estratexia galega da Infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas - Xunta de Galicia

RECURSOS ELECTRÓNICOS

Marco mundial de biodiversidade Kunming-Montreal. UNEP

Novidades bibliográficas CENEAM, xaneiro 2025

Catálogo Boas Prácticas Ambientais das Empresas Españolas - CEOE

Nota sobre a acción climática: Estado do clima, O que está a suceder, Progreso na mitigación, Progreso na adaptación. UNEP

BIBLIOGRAFÍA

O Pacto Industrial Limpo: a iniciativa industrial máis relevante e difícil da nova Comisión Europea - Fundación Naturgy

Un sistema gasista net-zero. Unha peza crave nun modelo enerxético descarbonizado a 2050 - Fundación Naturgy

Empresas #PorElClima

Para toda a vida na Terra: accións para protexer, restaurar e utilizar de maneira sostible a natureza. 2024 United Nations Environment Programme.

Informe sobre o Desenvolvemento Sostible en Europa 2025 - Nacións Unidas

Novidades Bibliográficas Febreiro 2025 - CEIDA

Informe Climatolóxico de Xaneiro de 2025 - MeteoGalicia

Guía práctica de educación ambiental para a animación e dinamización de mozas - Castilla-La Mancha

Fototeca CENEAM: fotografías sobre natureza e medio ambiente

Cuarto Inventario Forestal Nacional (IFN4) - MITECO

For all life on Earth - UN

Revista Ambiental ORYX - Os pterodroma do atlántico nororiental

BOLETÍN DE INFORMACIÓN AMBIENTAL

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO